

Concello de Vigo  
Praza do Rei, 1  
36202 Vigo

Patrim.pdg  
ABI/2023/0008

De conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 155.1 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, solicítase procedan á exposición pública no taboleiro de anuncios dese concello, por prazo non inferior a trinta días naturais, da *Resolución do 16 de outubro de 2024 da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio pola que se declara á Comunidade Autónoma de Galicia herdeira ab intestato de D. José Fernández González*, que se xunta a este escrito.

Rematada a exposición, deberán devolver certificación na que conste a data e o prazo de exposición, aos efectos da súa incorporación ao expediente administrativo.

Santiago de Compostela, *á data da sinatura electrónica,*

A xefa de sección do Servizo de Protección e Defensa Patrimonial  
Ana Paula David Giráldez



## **RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO, POLA QUE SE DECLARA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA HERDEIRA *AB INTESTATO* DE DON JOSÉ FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.**

### **Antecedentes.**

Por resolución do 12 de abril de 2024, acordouse a incoación do procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* de don José Fernández González, (ABI/2023/0008).

A citada resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado (Supl. N. nº105 do 30.04.2024), no Diario Oficial de Galicia (DOG nº83 do 26.04.2024), na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, e foi exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Vigo e de Monterrei por prazo non inferior a trinta días naturais.

Constan no expediente os correspondentes certificados de defunción e derradeiras vontades relativos á persoa causante, nos que se acredita o seu falecemento o 16 de maio de 2020 en Monterrei, e que non tiña outorgado testamento rexistrado. Así mesmo, figura igualmente incorporado certificado do seu empadramento no Concello de Vigo, quedando xustificada formalmente a súa veciñanza civil galega.

Durante a tramitación do procedemento non se teñen recibido alegacións, documentos ou outros elementos de xuízo que cuestionen a sucesión a favor da Administración autonómica, o que corrobora o informe emitido ao efecto pola Policía Autonómica de Galicia e as manifestacións de terceiras persoas unidas ao expediente.

Das consultas efectuadas perante o Catastro Inmobiliario, no Índice Xeral Informatizado de Predios e Dereitos do Rexistro da Propiedade e por outras fontes, determinouse, en principio, que ao menos forman parte do cadal hereditario da persoa finada os bens e dereitos que se adxudican no punto segundo desta resolución, sen prexuízo da inclusión daqueles outros que se identifiquen con posterioridade a esta declaración como de titularidade da persoa causante.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública emitiu informe sobre a adecuación e suficiencia das actuacións practicadas para a declaración da Comunidade Autónoma como herdeira *ab intestato* da persoa causante.

### **Fundamentos xurídicos.**

Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, artigos 267 e seguintes.





Código civil, artigos 657 e seguintes.

Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas, artigos 20 .6 e 20 bis .8.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, Título III, artigos 147 e seguintes.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, artigos 14 e 16.

Segundo o anterior,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Declarar á Comunidade Autónoma de Galicia única e universal herdeira *ab intestato* de don José Fernández González, con DNI: 06.487.447-K, entendéndose legalmente aceptada a herdanza a beneficio de inventario.

**Segundo.-** Adxudicar á Administración autonómica os seguintes bens e dereitos da herdanza identificados:

- Contratos e outros efectos bancarios:
- Abanca, conta de aforro: 2080 5020 0030 0022 0978

**Terceiro.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, área temática de Patrimonio, Anuncios, que se pode consultar na seguinte ligazón: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>.

A resolución será remitida para a súa exposición pública no taboleiro de anuncios dos concellos Vigo e de Monterrei por prazo non inferior a trinta días naturais.

Esta resolución poderá ser recorrida por infracción das normas sobre competencia e procedemento mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, de conformidade cos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Os que se consideren prexudicados en canto ao seu mellor dereito á herdanza ou noutros dereitos de carácter civil por esta declaración ou pola adxudicación de bens a favor da Comunidade Autónoma de Galicia que se contén nesta resolución,





poderán exercitar as accións pertinentes perante o órgano da xurisdición civil correspondente.

Santiago de Compostela, *á data da sinatura electrónica.*

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio  
José María Barreiro Díaz

